



## Concello de Outeiro de Rei

### **ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 28 DE OUTUBRO DE 2022**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as catorce horas do día vinteito de outubro de dous mil vintedous, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín; D. Antonio López Pérez; D. Jesús Fernández García; D<sup>a</sup> María José Martínez Vigo; D. Luis Varela Pérez; D<sup>a</sup> Tania Díaz Seijas; D. Xosé Ferreiro Fernández; D<sup>a</sup> Elvira Lombao Vila; D<sup>a</sup> Rita Castedo Meilán; D<sup>a</sup> María del Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

#### **1-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2022.**

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a acta correspondente á sesión celebrada o día 30 de setembro de 2022.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de aprobación de dita acta.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

#### **2-MODIFICACIÓN DE TRAZADO DE CAMIÑO.**

O Alcalde da conta da seguinte

“PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE CAMBIO DE TRAZADO DE CAMIÑO





## Concello de Outeiro de Rei

---

José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Actualmente, na cartografía catastral recóllese un camiño público que se corresponde co Polígono 110 Parcela 9002. Dito camiño público, se ben se aprecia nas ortofotos de 1956, a día de hoxe non é visible.

O día 14 de marzo de 2022, don Óscar Fernández Méndez presentou solicitude de modificación do trazado de dito camiño, xa que se proxecta catastralmente sobor unha porcion da súa propiedade e, por outra banda, determina que as edificacións da súa propiedade se atopen en situación de fora de ordeación, imposibilitando a súa reforma.

Acompaña unha proposta de modificación do trazado, modificación que conta co consentemento dos propietarios das restantes parcelas afectadas.

A modificación proposta non afecta as características do camiño, nin a súa seguridade ou regularidade viaria (con independencia de que, a día de hoxe, dito camiño non existe físicamente).

En base ao anterior, o día 10 de xuño de 2022 iniciouse expediente de cambio de trazado do tramo de camiño público que se corresponde co Polígono 110 Parcela 9002.

Asemade, abriuse un prazo de información pública de un mes, a fin de que os interesados poidan alegar o que estimen convinte na defensa dos seus intereses.

O anuncio notificouse aos propietarios afectados e publicouse no taboleiro de edictos municipal e máis no BOP de 16 de xuño de 2022, sen que se presentara alegación ou suxerencia algunha.


Por tal motivo, PROPOÑO ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

RESOLVER o expediente de modificación do trazado de camiño, de xeito que o trazado actual queda tal e como se reflexa no seguinte plano:





## Concello de Outeiro de Rei



Engade que durante o prazo de exposición pública non se presentou alegación algunha, polo que propón a súa aprobación.

Incorpórase a concelleira Dona Begoña Seco Varela.

Sométese a votación a modificación de trazado de camiño.

Realizada a votación, a modificación de trazado de camiño queda aprobada con oito votos a favor dos concelleiros do PP e catro abstencións dos concelleiros do PSdG-PSOE e máis do BNG.

Incorpórase a concelleira Dona Pilar Méndez.

### 3-RECTIFICACIÓN DE INVENTARIO DE BENS E DEREITOS.

O Alcalde propón a modificación do inventario municipal de bens e dereitos mediante a incorporación da seguinte:





## Concello de Outeiro de Rei

---

*“FINCA URBANA Nº 77*

*NOME: PARCELA PARA AMPLIACIÓN DO CENTRO DE SALUD*

*NATUREZA DO INMOBLE:*

*Ben de Natureza demanial*

*Prescripción: Dotacional*

*SITUACIÓN:*

*Parroquia: OUTEIRO DE REI*

*Núcleo/lugar: Villa de Outeiro de Rei*

*Lindeiros:*

*Norte, Camiño público municipal (Polígono 72 Parcela 9012).*

*Sur, estrada de Cepelo (Polígono 72 Parcela 9011).*

*Este, parcela de titularidade municipal (centro médico).*

*Oeste; parcelas 56 e 57.*

*Se trata de una parcela de forma rectangular alargada con un ancho de 10 m al este y de 14 m al oeste y una longitud media de unos 176 m entre los cierres frontales. La superficie es bastante llana y en la actualidad está destinada a huerta con un fondo de unos 80 m encontrándose el resto de parcela sin cultivo.*

*No contiene edificaciones pero cuenta con cierres de parcela en ambos frentes hacia los viarios con los que linda y en el lateral con la parcela colindante.*

*SUPERFICIE: 2370 metros cuadrados según catastro. 2059 metros cadrados según medición.*

*CARGAS: LIBRE DE CARGAS*

*TÍTULO DE AQUISICIÓN:*





## Concello de Outeiro de Rei

---

*Expropiación forzosa. Declaración de necesidade de ocupación acordada na xunta de goberno local de data de 8 de xullo de 2022. Acta de pagamento e ocupación de data de 9 de setembro de 2022.*

**SITUACIÓN REXISTRAL:**

*En trámite de inscrición*

*Referencia catastral: Polígono 72, parcela 55”.*

Non xurxindo debate sométese a votación a rectificación do inventario de bens e dereitos.

Realizada a votación, a rectificación do inventario de bens e dereitos queda aprobada con once votos a favor dos concelleiros do PP e BNG e unha abstención da concelleira do PSdG-PSOE.

### **4-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á RETIRADA DEFINITIVA DO PROXECTO DE DELIMITACIÓN DE POLÍGONOS URBANOS.**

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro asume a defensa da moción do seguinte teor literal:

*“Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Rita Castedo Meilán, concelleiro e concelleiras do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:*

**MOCIÓN RELATIVA Á RETIRADA DEFINITIVA DO PROXECTO DE DELIMITACIÓN DE POLÍGONOS URBANOS NA VILA DE OUTEIRO E CONTESTACIÓN ÁS ALEGACIÓNS DA VECIÑANZA**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*No ano 2016 o concello, de xeito unilateral e sen contar coas aportacións da veciñanza, intentou levar adiante un proxecto de delimitación de polígonos na vila de Outeiro de Rei, proxecto que contemplaba, entre outras cuestións, que a N-VI e as súas vías de servizo ocupasen 56 metros de ancho, arrasando todo o que se atopase ao seu*





## Concello de Outeiro de Rei

---

*paso, ademais de dous muros de máis dun metro de altura que dividiría á vila de Outeiro de Rei en dúas metades.*

*Como é lóxico, este proxecto obtivo e total rexeitamento das veciñas e veciños de Outeiro, chegando incluso a presentar alegacións preto dun cento de persoas afectadas, sempre na liña de que se desistira de levar este proxecto para adiante e que a vila de Outeiro tivese unha planificación urbanística ao longo da N-VI “normal”, igual que calquera outra vila que é atravesada por esta estrada.*

*O alcalde, mostrando unha vez máis un desprezo total pola cidadanía, nunca contestou a estas reclamacións, non existindo resposta aínda hoxe, seis anos despois. Aínda así, algo si se logrou que este proxecto se paralizase todos estes anos.*

*As obras recentemente levadas a cabo diante do colexio están a destapar vellos fantasmas e unha forte inquedaanza entre a veciñanza, pois indican que aínda que todos estes anos o proxecto estivese durmido, a intención do alcalde é seguir na teima de levalo adiante, pois en canto ten ocasión segue a impoñer as principais características negativas dese proxecto: os 28 metros para cada lado da estrada, os muros de separación polos lados e a ausencia de limitación de velocidade dos vehículos que circulan pola estrada.*

*Para o BNG resulta fundamental que esta estrada sexa “humanizada” ao seu paso pola vila de Outeiro e que as dúas partes da vila poidan convivir e comunicarse sen ningún tipo de problema. Para iso, resulta imprescindible ter un acordo co Ministerio de fomento para que actúe nesta estrada para adaptala ao uso das persoas, ademais de contar cun Plan Xeral de Urbanismo consensuado coa veciñanza e que permita un desenvolvemento e crecemento sostible da vila, onde se poida vivir en harmonía e onde non existan muros de separación entre as súas distintas partes.*

*Ademais de todo iso, tamén nos parece imprescindible que unha administración como é o concello conteste a calquera veciño ou veciña que se dirixa a el, independentemente se lle vai dar a razón ou non, pois o contrario crea incerteza e desconfianza, cuestións sempre negativa nas relacións entre a poboación e as administracións*





## Concello de Outeiro de Rei

---

*Por todo isto, seguindo na liña construtiva que está a caracterizar todas as propostas do BNG e dende unha total responsabilidade o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei somete a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, proponendo a adopción dos seguintes*

### ACORDOS:

*1. Que o concello conteste ás alegacións que no seu día fixeron as veciñas e veciños de Outeiro ao Proxecto de Delimitación de Polígonos da Vila de Outeiro de Rei.*

*2. Que o concello proceda a retirar dun xeito definitivo este proxecto, facendo pública esta intención para transmitir tranquilidade á veciñanza da vila de Outeiro de Rei.*

*3. Que se inicien contactos serios co Ministerio de Fomento para a “humanización” da estrada N-VI ao seu paso pola vila de Outeiro e deste xeito se poida deseñar un plan urbanístico acorde co que Outeiro necesita e que non divida á vila en dúas metades.*

O Alcalde dalle a palabra ao Sr. Secretario para que expoña dende o punto de vista xurídico.

O Sr. Secretario fai uso da palabra dicindo que as normas subsidiarias de planeamento municipal recolleron unha bolsa de suelo urbano pero sin distinguir entre a condición de suelo urbano consolidado e non consolidado.

Con carácter sobrevido, a lexislación do solo diferencia entre ambas categorías de solo (urbano consolidado e non consolidado), esixindo que, para edificar en solo urbano non consolidado se realicen as preceptivas actuacións de urbanización sistemática.

Na bolsa de suelo recollida nas NNSS existen zoas que reúnen os requisitos legais para a súa consideración como suelo urbano consolidado e outras que non as reúnen. Nestas últimas os propietarios non poderán edificar se non urbanizan previamente.

Pero para poder urbanizar é necesaria a delimitación das áreas que non teñen a consideración de suelo urbano consolidado, e esta delimitación convén realizada por áreas que, pola súa extensión, sexa factible a iniciativa privada para o seu desenvolvemento. De ahí a necesidade da delimitación dos polígonos.





## Concello de Outeiro de Rei

---

O Alcalde intervén dicindo que dende o punto de vista xurídico todos xa eran coñecedores de esta realidade. E dunha maneira moi especial o coñecen os concelleiros do BNG, o que acontece é que queren enturbiar o proceso con ánimo electoral.

Evidentemente como dixo o Sr. Secretario existe un núcleo urbano perfectamente delimitado que para desenvolvelo necesítase unha delimitación en polígonos.

O Concello propuxo unha delimitación e os veciños, proxecto non aceptado por algúns veciños mal informados ou informados por parte do BNG de maneira tendenciosa para que se montara un follón político preto das eleccións que había nese momento.

O proxecto de delimitación de polígonos non prevé tirar casas. A obriga de derrivar algúnha edificación non deriva da delimitación, senón da afección da estrada N-VI, e que, se aprobé ou non a delimitación, terán que tirarse cando se urbanice o entorno.

Tamén é absolutamente mentira cando din que un veciño non pode construír unha vivenda e teñen que vir de unha empresa a edificar.

O BNG o único que quere e crear incertidumbre entre os veciños ante a proximidade das eleccións.

Afirma que xa estíste un instrumento de planeamento que ordena a totalidade do termo municipal, e o concello exerce as súas funcións urbanísticas dentro da máis absoluta legalidade. Aquí débese estar facendo urbanismo serio porque é o concello da provincia de Lugo que máis crece con diferenza e crecese dunha maneira ordenada e por iso cada catro anos as eleccións dan o resultado que dan.

Existen catro carrís para atravesar a N-VI e iso é por culpa do BNG e do PsoG-PSOE que cando chegaron ao Goberno de España estaba orzamentada unha rotonda financiada con 300.000 euros e vostedes paralizárona. Non resolveron o problema da N-VI ao paso por Outeiro de Rei.

Por ditos motivos non vai a apoiar a moción.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación a moción presentada polo grupo municipal do BNG relativa á retirada definitiva do proxecto de delimitación de polígonos urbanos queda rexeitada







## Concello de Outeiro de Rei

---

con tres votos a favor da súa aprobación correspondentes aos concelleiros do BNG; nove en contra dos concelleiros do PP e unha abstención da concelleira do PSdG-PSOE.

### **5-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE O CONCELLO DESEÑE LÍNEAS DE AXUDA PARA A RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.**

O Alcalde propón que a moción quedará sobre a mesa.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro di que o Partido Popular ten medo de discutir a moción presentada polo BNG.

O Alcalde dille que non ten a palabra e non lle da medo discutir a moción. Non se debate porque xa dixo anteriormente que soamente ían a debatir unha moción por grupo e pleno.

### **6- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDG-PSOE RECLAMANDO OA SERGAS PARA QUE VACINE AS PERSAS MAIORES CONTRA O CONVIVID 19 NOS CENTROS DE SAÚDE OU NOS PAC DE REFERENCIA.**

A concelebrara do PSdG-PSOE, dona María del Carmen Acacio inicia a defensa da moción do seguinte teor literal:

*“MOCIÓN RECLAMANDO Ó SERGAS QUE VACINE AS PERSOAS MAIORES DO COVID-19 NOS CENTROS DE SAÚDE OU NOS PAC DE REFERENCIA*

*M<sup>a</sup> del Carmen Acacio López, concelleira do Grupo Municipal dos Socialistas de Outeiro de Rei, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN*

*A decisión do Sergas de centralizar o subministro da cuarta dose da vacina do Covid-19 para os maiores no HULA, no Hospital da Mariña e no Hospital Comarcal de Monforte ten provocado, desde que se comezou a campaña, un gran malestar neste colectivo de veciños e veciñas, e tamén nas súas familias. A diferenza do que se fixo nas*





## Concello de Outeiro de Rei

---

*campañas de vacinación anteriores, nas que os maiores acudiron aos centros de saúde de PAC de referencia, nesta ocasión obrítoise a estas persoas a realizar, nunha gran maioría dos casos, un longo desprazamento de ida e volta para poder recibila.*

*O Grupo Municipal Socialista de Outeiro de Rei rexeita esta medida por varios motivos. En primeiro lugar, porque entendemos que ten suposto e supón un problema e un trastorno innecesario para os maiores e para as súas familias. O longo desprazamento e as maiores dificultades que ten sempre unha persoa maior para manexarse nos hospitais obrígaas a ir acompañadas dun familiar para poder percibir a atención médita.*


*En segundo lugar, porque a Xunta de Galicia, a través do SERGAS, implanta na práctica un copago aos maiores para poder recibir a vacina, xa que teñen que pgar do seu peto o custe do desprazamento, co que a gratuidade da prestación sanitaria deixa de ser tal.*

*Esta medida está sendo un novo castigo da Xunta de Galicia ó noso rural porque afasta dos veciños e veciñas un servizo público básico, dificultándolles gravemente o acceso a unha prestación á que teñen dereito de maneira totalmente gratuíta.*

*Tratouse dunha decisión nefasta, sobre todo para un concello como o noso, eminentemente rural e que conta cunha poboación cun alto grao de dispersión.*

*O pasado 4 de outubro, ante o malestar e as queixas dos usuarios e usuarias, o SERGAS recoñecía que esta fórmula de centralizar a vacinación nos hospitais se emprega para “aliviar” a carga de traballo nos Servizos de Atención Primaria. Ese mesmo día a Deputada do Partido Popular no Parlamento de Galicia, Encarna Amigo, recoñecía abertamente que “temos unha primaria saturada” e que “hai falta de médicos en moitos concellos”.*

*Alegrámonos de que o PP recoñeza por fin, a situación de colapso da sanidade pública, sobre todo da Atención Primaria, provocada pola Xunta de Galicia, que os socialistas levamos moito tempo denunciando. Como consecuencia das políticas do PP, a Provincia de Lugo vén sufrindo ó longo da última década importantes recortes nos cadros de persoal de Atención Primaria. A día de hoxe, o 80% dos centros de saúde da nosa provincia ten graves carencias en materia de persoal por uns recortes que,*





## Concello de Outeiro de Rei

---

*evidentemente, afectan á calidade da atención que reciben os nosos veciños e veciñas. A Xunta non pode pretender agora que os nosos maiores paguen pola súa desfeita en materia sanitaria. Que lles tocará despois?.*

*En resposta ás numerosas críticas contra este modelo de vacina centralizado, o Conselleiro de Sanidade asegurou que as persoas maiores que non poidan acudir ás citas nos hospitais serían vacinadas nos Centros de Saúde e nos PAC na quenda de repesca. Unhas declaracións que, ademais de demostrar falta de seriedade e rigor son tanto como admitir que o Sergas puxo en pé un modelo que sabía de antemán que era deficiente. Esta falta de planificación é inadmisíbel despois de todo o que os nosos maiores levan soportado debido á pandemia. Non se pode xogar coa saúde dos nosos veciños dende a improvisación ou a frivolidade.*

*Os socialistas estamos sempre do lado da xente, traballando para mellorar a súa calidade de vida e denunciando as situacións que lles prexudican, como este novo castigo e discriminación contra os nosos maiores e contra o noso rural.*


*Por todo o exposto, e ante o trastorno e o gasto que está a provocar ás persoas maiores e ás súas familias o sistema de vacinación centralizado nos hospitais, o grupo municipal do PSOE solicita do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:*

*1. O rexeitamento do Pleno desta Corporación municipal, en representación e defensa dos dereitos e intereses dos seus veciños e veciñas, ao modelo de vacinación centralizado nos hospitais que o Sergas implantou para subministrar a cuarta dose da vacina da Covid-19 aos nosos maiores.*

*2. Esixir á Xunta de Galicia que rectifique e reclamarlle que reforcé o persoal dos propios ambulatorios ou PAC para poder subministrar alí as vacinas en vindeiras ocasións.*

*3. Trasladar estes acordos da Corporación municipal á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para a súa toma en consideración.*

*A concelleira do grupo municipal do BNG, dona Elvira Lombao intervén dicindo que lle parece unha falla de respecto que non se trate unha moción incorporada ao orde do día. Engade que sí e certo que para os maiores é máis sinxela a vacinación nos seus*





## Concello de Outeiro de Rei

---

centros de referencia que desprazarse ao hospital e non soamente polo que lles supón economicamente sennón pola maior seguridade para eles e por menor trastorno para eles máis que nada por un tema emocional.

Saben que rectificaron polo que pasou nos vacunódromos e decidieron abrir a porta a que eses maiores puideran ir de repesca aos centros de saúde do seu domicilio.

Pero non se pode permitir que uso se faga como unha segunda oportunidade. Os maiores tañen que ser sempre a nosa referencia e as persoas ás que maiores cuidados prestemos.

Non se pode andar pasos para adiante e pasos para atrás.

Todo iso e consecuencia do desmantelamiento da sanidade pública que este Goberno leva facendo dende fai trece anos.

O Alcalde dalle a palabra ao tenente de Alcalde dona Begoña Seco para defender esta moción.


A concelleira do PP, dona Begoña Seco di que cando se empezou a facer a vaciñación nos vacunódromos a Conserjería de Sanidade priorizou aos maiores.

Asemade, se anunciou que quenes non puideran acudir ao vacunódromo poderían vaciñarse nos centros de saúde, e así se fixo. E que non pudiera acudir vaciñaríanse no seu domicilio.

A atención primaria está saturada aquí e en Zaragoza. Será unha cuestión de que non hai médicos nin aquí nin en Zaragoza, nin en Sevilla nin en Madrid. O primeiro que queren os responsables sanitarios é que toda a poboación esté debidamente atendida.

O Alcalde di que fa un tempo a Xunta e o Goberno Vasco pedíronlle ao Goberno Central que ampliara as prazas do Mir. O Goberno central non fixo nada para atallar o problema de escase de médicos.

Senón recorda mal o día catorce de setembro opuxéronse a unha petición do Parlamento para pedirlle iso ao Goberno Central. Que casualidade que cando o PSOE saiu da Xunta creouse o SOS Galicia para defender a sanidade.





## Concello de Outeiro de Rei

Din que os socialistas están do lado da xente, pois o Partido Popular tamén está do lado da xente. Pero se estiveran do lado da xente neste momento non estarían permitindo que se tivera un empobrecemento pola inflación desbocada. É convinte ver que nos están levando á ruína.

Non poden apoiar esta moción porque os argumentos son pobres e absolutamente terxiversados e erróneos.

Rematado o debate, sométese a moción transcrita.

Realizada a votación a moción presentada polo grupo municipal do PsdG-PSOE reclamando ao Sergas para que vacine ás persoas maiores contra o Covid 19 nos centros de saúde e nos PAC de referencia queda rexeitada con un voto a favor emitido pola concelleira do PsdG-PSOE, nove votos en contra correspondentes aos concelleiros do PP e tres abstencións dos concelleiros do BNG.

### **7-DACIÓN DE CONTA DE LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2021**

Dase conta do decreto do seguinte teor literal:

*“Examinada a liquidación do exercicio 2021, e liquidación de exercicios pechados, cos seus documentos xustificativos.*

*Visto que con data 21 de xullo de 2022 foi emitido informe de Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.*

*Visto que con data 21 de xullo de 2022 emitíuse informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.*

*De conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, sobre materia orzamentaria. RESOLVO:*

*PRIMEIRO. Aprobar a liquidación do Orzamento Xeral de 2021, cuxas principais magnitudes son as que se detallan a continuación:*

*Dereitos recoñecidos netos.....7.650.189,37 €*





## Concello de Outeiro de Rei

Obrigas recoñecidas netas.....	5.997.521,41 €
Resultado orzamentario.....	1.652.667,96 €
Créditos gastados financiados con R.T.G.G.....	0,00 €
Desviacións de financiación positivas do exercicio.....	756.376,48 €
Desviacións de financiación negativas do exercicio.....	640.792,34 €
Resultado orzamentario axustado.....	1.537.083,32 €
Remanente de tesourería total.....	3.262.669,40 €
Saldos de dubidoso cobro.....	1.524.800,39 €
Exceso de financiación afectada.....	500.326,59 €
Remanente de tesourería para gastos xerais.....	1.237.542,42 €


*SEGUNDO. Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que éste celebre, de conformidade co que establecen os artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.*

*TERCEIRO. Ordear a remisión de copia de dita Liquidación aos órganos competentes, tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma.”.*

### **8- ROGOS E PREGUNTAS**

Iníciase o tratamento de este punto da orde do día coa lectura polo Secretario, do rogo presentado pola concelleira do PSdGP-PSOE do seguinte teor literal:

*“Dona M<sup>a</sup> del Carmen Acacio López, na súa condición de Voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei comparece e como mellor en Dereito proceda, di:*





## Concello de Outeiro de Rei

---

*Que ao abeiro do disposto no artigo 97.6 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a exponer a este Pleno o seguinte:*

*Que, tras escoitar as queixas da veciñanza en relación ao servizo de liña de buses do CEIP Laverde Ruiz de Outeiro de Rei e do IES de Rábade debido a diferentes motivos como, por exemplo, a tardanza coa que chegan aos seus fogares os seus fillos e fillas; a precariedade de vehículos aos que lles faltan os cintos de seguridade, en ocasións excesivamente cheos, posiblemente con exceso de aforo; e con cambios de rutas nas liñas habituais, presento o seguinte rogo:*

*Que o Concello de Outeiro de Rei faga as xestións necesarias para instar á Xunta de Galicia e, en particular, ás Consellerías que teñan as competencias correspondentes, a mellorar a situación e atenda as demandas dos veciños e veciñas afectados”.*

O Alcalde di que a Xunta de Galicia sempre sen excepción atende as peticións de paradas e percorridos, sempre que estean dentro do razoable e dentro duns parámetros de distancias. Con respecto ao tema dos cintos de seguridade corresponde á empresa garantir que su cumpra a normativa, e así o fará chegar á Xunta de Galicia que se hai algún problema dese tipo que o corrixa porque iso si que non pode ser.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e trinta minutos da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do sr. Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde

